# SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á RENOVACIÓN DE ELECTRODOMÉSTICOS

## Axencia Instituto Enerxético de Galicia

### Obxecto

Convocar subvencións destinadas á renovación de electrodomésticos e á instalación de domótica enerxética en vivendas situadas en Galicia.

### Persoas beneficiarias

As persoas físicas que realicen algunha as actuacións establecidas nunha vivenda sita na CA de Galicia.

### Plan Renove de electrodomésticos

| Electrodomésticos subvencionables |
| --- |
| Frigorífico e frigorífico-conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D |
| Conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D |
| Lavadora A, B ou C |
| Lavalouzas A, B ou C |
| Placas de indución total (soamente tecnoloxía de indución, non mixtas) |

Para acceder á subvención hai que entregar o electrodoméstico retirado a un xestor autorizado.

Unha persoa beneficiaria só poderá recibir axuda pola substitución dun único electrodoméstico de cada unha das tipoloxías, máximo de dous electrodomésticos por persoa beneficiaria.

| Electrodomésticos subvencionables | Consumidor xeral | Consumidor vulnerable | Consumidor vulnerable severo |
| --- | --- | --- | --- |
| Frigorífico e frigorífico-conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D<br>Conxelador con clasificación enerxética A, B,C ou D | 150 € | 300 € | 450 € |
| Lavadora A, B ou C<br>Lavalouza A, B ou C<br>Placas de indución total (só tecnoloxías indución, non mixtas) | 100 € | 200 € | 300 € |

A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25 % do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral, do 50 % para consumidores vulnerables e do 75 % para consumidores vulnerables severos.

- Consumidores vulnerables e vulnerables severos son os que cumpran os requisitos establecidos no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica e sexan beneficiarios do bono social eléctrico , o que deberá acreditarse mediante a presentación dunha factura de enerxía eléctrica cunha antigüidade máxima de 3 meses anteriores á data en que se presenta a solicitude de reserva de fondos.

**Forma de presentación das solicitudes**

As solicitudes presentaranas directamente as entidades colaboradoras.

Na páxina web do Inega (www.inega.gal) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras adheridas a esta convocatoria de axudas.

**Prazo de presentación**

Para as entidades colaboradoras:  Desde o 18/01/2023 ata o 30/06/2023

Para as persoas solicitantes: Desde o 08/02/2023 ás 9.00 horas (inicio do período subvencionable) ata o 30/09/2023 ou cando se esgoten os fondos.

**Máis información**

Servizos sociais comunitarios do Concello de Touro.

Teléfonos: 981504029/504000, extensión 1

Na páxina web do Inega (www.inega.gal) e no correo electrónico (inega.info@xunta.gal).

No teléfono 981 54 15 00.

Presencialmente no Inega (rúa Avelino Pousa Antelo, 5, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela), con cita previa no teléfono 981 54 15 00.